

XXIV PREMIOS IRMANDADE DO LIBRO – BASES

MODALIDADE CENTROS DE ENSINO

Nesta modalidade, na que poden participar todos os **centros de ensino público e privado de Galicia**, premiaranse as actividades relacionadas co fomento da literatura e da lectura en xeral e da galega en particular. Valorarase especialmente a relación e integración das librerías do contorno nos proxectos didácticos relacionados co libro, a lectura e a formación dos lectores e na dotación de fondos bibliográficos dos centros a través das mesmas.

Os interesados deberán achegar unha memoria detallada do traballo realizado no centro durante o ano 2014. Nesta memoria, deberá figurar o enderezo, teléfono, correo electrónico e unha persoa de contacto.

As propostas deberanse enviar á Federación de Librerías de Galicia, antes do 3 marzo de 2015, por correo electrónico a libreiros@librarias.org, por correo postal ao enderezo *República do Salvador, 28 entrechán B. 15701 Santiago de Compostela* ou por fax o 981599958.

Os traballos deberán presentarse na Federación de Librerías de Galicia debidamente identificados, para o seu rexistro e **certificación da data de entrada**.

O centro gañador, recibirá unha figura alegórica de bronce, diploma e un bono por importe de 1.500€ a canxear por libros nunha librería asociada a Federación de Libreiros de Galicia, que será entregada no transcurso dun **acto que se celebrará o 14 de marzo de 2015, en Santiago de Compostela**.

O xurado estará formado polas seguintes persoas: A presidenta da Federación de Librerías de Galicia que presidirá o xurado con voto de calidade. Un escritor ou escritora en lingua galega. Un profesor de lingua e literatura galega. Un representante da Xunta de Galicia. Un bibliotecario ou bibliotecaria. Un libreiro ou libreira, pertencente á Federación de Librerías. Actuará como secretario, con voz e voto, o secretario de Federación de Librerías de Galicia.

A participación no certame, implica a plena aceptación das bases

MODALIDADE DE FOMENTO DA LECTURA

Ten por obxecto premiar **calquer tipo de iniciativa para o fomento da lectura** que contemple actividades destinadas á cidadanía en modalidades diversas, entre as que poden incluírse a utilización de soportes tanto impresos como virtuais como páxinas web, internet, redes sociais, ... e que contribuíron á promoción e difusión do libro e a lectura durante o ano 2014 .

A documentación a presentar, consistirá nunha memoria da actividade realizada para o desenvolvemento das iniciativas contempladas nas bases. Poderán presentar propostas os propios interesados, unha persoa ou colectivo, asociacións ou institucións que así o consideren, así como un libreiro ou agrupación de libreiros que o estime oportuno.

As propostas deberanse enviar á Federación de Librerías de Galicia, antes do 3 marzo de 2015, por correo electrónico a libreiros@librarias.org, por correo postal ao enderezo *República do Salvador, 28 entrecán B. 15701 Santiago de Compostela* ou por fax o 981599958.

O gañador, recibirá unha figura alegórica de bronce, e un diploma, que será entregado no transcurso dun acto que se celebrará o 14 de marzo de 2015, en Santiago de Compostela.

O xurado estará formado polas seguintes persoas: A presidenta da Federación de Librerías de Galicia que presidirá o xurado con voto de calidade. Un escritor ou escritora en lingua galega. Un profesor de lingua e literatura galega. Un representante da Xunta de Galicia. Un bibliotecario ou bibliotecaria. Un libreiro ou libreira, pertencente á Federación de Librerías. Actuará como secretario, con voz e voto, o secretario de Federación de Librerías de Galicia.

A participación no certame, implica a plena aceptación das bases.

MODALIDADES LIBRO DO ANO – LIBRO DO ANO INFANTIL E XUVENIL – OBRA EDITORIAL

LIBRO DO ANO 2014

Este apartado da modalidade ten por obxecto distinguir un libro, dirixido ao público adulto, escrito preferentemente en lingua galega e distribuído nas librerías de Galicia durante o ano 2013, que pola calidade e interese do seu contido e pola acollida, tanto da crítica como do público lector, teña acadado especial relevancia na nosa sociedade.

LIBRO INFANTIL E XUVENIL DO ANO 2014

Nesta modalidade, valorarase e premiarase un libro dirixido ao público infantil e xuvenil, escrito preferentemente en lingua galega e distribuído en Galicia durante o ano 2013 que polo seu valor literario, polo interese do seu contido, pola calidade das ilustracións (no seu caso) e pola potenciación de valores necesarios para o desenvolvemento persoal dos lectores, resulte relevante.

OBRA EDITORIAL DO ANO 2014

Neste apartado quere premiarse a calidade técnica e material dunha publicación, o esforzo editorial, o aporte documental e gráfico e o carácter innovador dunha obra ou dunha serie de obras que teñan un especial significado no panorama cultural e social galego.

Poderán participar en calquera dos tres apartados todas as editoriais galegas cos libros dos seus fondos e aquelas outras que, sen pertencer á nosa comunidade, teñan obras de especial interese para a sociedade galega.

As Agrupacións de Librerías pertencentes á Federación de Librerías de Galicia poderán presentar propostas nos mesmos termos que as editoriais.

Os interesados deberán deberán documentar as mesmas e enviar dous exemplares dos libros propostos, antes do día 3 de marzo de 2015 ao enderezo *República do Salvador, 28 entrecán B. 15701 Santiago de Compostela*, indicando “XXIV Premios Irmandade do Libro”. Os libros quedarán de propiedade da organización, agás petición expresa en contra por parte da editorial.



OS gañadores, recibirán unha figura alegórica de bronce, e un diploma, que será entregado no transcurso dun acto que se celebrará o 14 de marzo de 2015, en Santiago de Compostela.

O xurado estará formado polas seguintes persoas: A presidenta da Federación de Librerías de Galicia que presidirá o xurado con voto de calidade. Un escritor ou escritora en lingua galega. Un profesor de lingua e literatura galega. Un representante da Xunta de Galicia. Un bibliotecario ou bibliotecaria. Un libreiro ou libreira, pertencente á Federación de Librerías. Actuará como secretario, con voz e voto, o secretario de Federación de Librerías de Galicia.

A participación no certame, implica a plena aceptación das bases.

MODALIDADE DE AUTORA/AUTOR

Ten por obxecto premiar a unha autora ou autor que se distinga pola súa traxectoria literaria e pola promoción e defensa do libro e da lectura, especialmente en lingua galega.

Os interesados deberán achegar unha memoria na que consten os méritos alegados tendo en conta o obxectivo do premio. Poderán presentar propostas o propio autor, unha persoa ou colectivo, asociacións ou institucións que así o consideren, así como un libreiro ou agrupación de libreiros que o estime oportuno.

As propostas deberanse enviar á Federación de Librerías de Galicia, antes do 3 marzo de 2015, por correo electrónico a libreiros@librarias.org, por correo postal ao enderezo *República do Salvador, 28 entrechán B. 15701 Santiago de Compostela* ou por fax o 981599958.

O gañador, recibirá unha figura alegórica de bronce, e un diploma, que será entregado no transcurso dun acto que se celebrará o 14 de marzo de 2015, en Santiago de Compostela.

O xurado estará formado polas seguintes persoas: A presidenta da Federación de Librerías de Galicia que presidirá o xurado con voto de calidade. Un escritor ou escritora en lingua galega. Un profesor de lingua e literatura galega. Un representante da Xunta de Galicia. Un bibliotecario ou bibliotecaria. Un libreiro ou libreira, pertencente á Federación de Librerías. Actuará como secretario, con voz e voto, o secretario de Federación de Librerías de Galicia.

A participación no certame, implica a plena aceptación das bases.

Santiago de Compostela, xaneiro 2015